


CUMIEIRA

Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

Vol. 6 - 2021

Xosé A. Fernández Salgado (ed.)



CUMIEIRA

*Cadernos de investigación
da nova Filoloxía Galega*

Vol. 6 – 2021

Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

UNIVERSIDADE DE VIGO

Cumieira : Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega. Vol. 6 / Xosé A. Fernández Salgado (ed.). -- Vigo: Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, 2021

162 p.; 24 cm

D.L. VG 609-2021

ISBN 978-84-8158-911-5

1. Filoloxía Galega. I. Fernández Salgado, Xosé Antonio, ed. lit. II. Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, ed.

© Departamento de Filoloxía Galega e Latina (Universidade de Vigo)

© Abraham Castro García, Ángela Otero Fontán, Nuria Bouzas Antas, Fernando Groba Bouza e Antonio Martín Piñero

© Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Revisión científica do volume 6:

Anxo Angueira (UVigo), Xosé-Henrique Costas (UVigo), Alexandre Rodríguez Guerra (UVigo) e Xosé A. Fernández Salgado (UVigo)

Maquetación: Xosé A. Fernández Salgado

Deseño da portada: Tania Sueiro (Área de Imaxe da Universidade de Vigo)

Edición:

Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo
Facultade de Filoloxía e Tradución
Campus das Lagoas-Marcosende - 36310 Vigo

Impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

Dep. Legal: 609-2021

ISBN: 978-84-8158-911-5

CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega aparece recollida na base de datos DIALNET, en BILEGA, no *Catálogo Italiano dei Periodici* ACNP (Università di Bologna), en *Linguistic Bibliography* e Brillonline de BRILL.

Índice / Index

- 9 Limiar /
 Introduction
- 11 ABRAHAM CASTRO GARCÍA
 Análise materialista de Retorno a Tagen Ata (1971) /
 Materialist analysis of Retorno a Tagen Ata (1971)
- 37 ÁNGELA OTERO FONTÁN
 Estudo lingüístico dos alcumes da parroquia de Darbo (Cangas do Morrazo) /
 Linguistic study of nicknames from the parish of Darbo (Cangas do Morrazo)
- 75 NURIA BOUZAS ANTAS
 Aguafuertes gallegas, unha mirada da paisaxe allea á construción cultural galega /
 Aguafuertes gallegas, an outsider's perspective to the Galician landscape
- 97 FERNANDO GROBA BOUZA
 Aproximación xeolingüística ao léxico raiano galego-portugués a través do
 xénero documental /
 Geolinguistic approach to the Galician-Portuguese frontier lexicon through the
 documentary genre
- 125 ANTONIO MARTÍN PIÑERO
 Sobre a alternancia nas locucións preposicionais con base e respecto. Estudo
 contrastivo galego-español. /
 On the alternation in prepositional locutions with base and respecto. A Galician-
 Spanish contrastive study
- 157 Autoras e autores de *Cumieira*, vol. 6 /
 Cumieira's authors
- 159 Normas para o envío de orixinais /
 Manuscript submissions guidelines. Information for authors

ESTUDO LINGÜÍSTICO DOS ALCUMES DA PARROQUIA DE DARBO (CANGAS DO MORRAZO)

*Linguistic study of nicknames from the parish
of Darbo (Cangas do Morrazo)*

Ángela Otero Fontán

Universidade de Vigo
angelaoterofontan@hotmail.com

Resumo: A pesar de seren fenómenos moi antigos cunha relación moi próxima ó nome propio, os alcuños forman parte dun rico patrimonio lingüístico en serio perigo de extinción, motivado por novos modos convivenciais fortemente influenciados polos ámbitos urbanos. Por conseguinte, este traballo ten como obxectivo estudar este tipo de apelativos a partir dunha recolleita na parroquia de Darbo, no concello de Cangas do Morrazo. Analizamos o concepto *alcume*, dando conta da súa orixe, evolución ó longo da historia e características lingüísticas, e mais unha posible clasificación desde o punto de vista semántico. Ademais tentamos contestar a pregunta de se os alcumes constitúen nomes propios ou comúns, cuestión que suscita certa polémica entre diversos autores. A análise práctica realízase a partir dunha base de datos propia constituída por 243 alcumes, examinado as súas características fonéticas, morfolóxicas e léxico-semánticas nunha zona de fala dialectal marcada en varios aspectos.

Palabras chave: función e caracterización do alcume, nome propio, clasificación semántica do alcume.

Abstract: Despite being very old phenomena with a very close relationship to the proper name, nicknames are part of a rich linguistic heritage in serious danger of extinction, motivated by new ways of living strongly influenced by urban environments. Consequently, this article aims to give an account of this type of appellation following the fieldwork done in the parish of Darbo, in the municipality of Cangas do Morrazo. We analyze the concept of *nickname*, explain its origin and evolution throughout history and examine its linguistic characteristics and a possible classification from the semantic point of view. We also try to answer the question of whether nicknames constitute proper or common names, a matter which arises certain controversy among various authors. The practical analysis is performed from a database consisting of 243 nicknames, and their peculiar phonetic, morphological and lexical-semantic features of a dialectal speech area which is marked in several respects.

Keywords: function and characterization of the nickname, proper name, semantic classification of the nickname.

CUMIEIRA. *Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*

Dpto. de Filoloxía Galega e Latina, Universidade de Vigo

Vol. 6, 2021, pp. 37-73, ISBN: 978-84-8158-911-5

1. Introducción¹

Seguramente calquera que chegue á parroquia de Darbo e lle pregunte a algún veciño ou veciña se sabe onde vive Ánxela Otero, o máis probable é que non lle saiban dar razón; e con boa sorte e, despois dalgunha explicación sobre a súa idade, o que estuda ou algún trazo da súa fisionomía, poida que diga: «Ah!, ti preguntas pola neta da Rabuxa». Isto é, nas nosas aldeas e parroquias a xente coñécese antes polo alcume ca non polo seu nome e apelidos; por iso, tamén nas necrolóxicas é habitual que ademais do nome propio oficial apareza a continuación o nome polo que era coñecida a persoa, moitas veces o alcume.

Darbo (Santa María) é unha das cinco parroquias, xunto con Cangas, Coiro, O Hío e Aldán, do concello pontevedrés de Cangas do Morrazo. Posúe unha extensión de 7,47 km² e linda co concello de Bueu polo norte, á altura da Serra da Madalena; coa parroquia de Coiro polo leste, mediante o val do río Presas; coas parroquias de Aldán e O Hío polo oeste (chegando, por un lado, ata a zona da Serra da Madalena e, por outro, ata o monte Varalonga máis a praia de Liméns); e coa ría de Vigo polo sur. Caracterízase por ser unha parroquia moi heteroxénea. Fórmana quince núcleos de poboación: O Cunchido, As Barreiras, Balea, O Castelo, Cima de Vila, A Madalena, Ourelo, O Piñeiro, San Pedro, San Roque do Monte, Santa Marta, O Seixo, A Serra de Nacente, A Serra de Poente e Ximeu, que segundo o censo de poboación realizado no ano 2014 suman arredor de 7.000 veciños.


Como colectividade rural, Darbo constitúese fundamentalmente por xente maior, aínda que é certo que dende hai uns anos está a experimentar unha chegada masiva de habitantes moito máis novos procedentes de áreas urbanas. Isto provoca un certo impacto non só nas formas de convivencia típicas das sociedades rurais, senón tamén nos discursos comunicativos característicos destas zonas. Tal e como afirma o profesor Jesús Ramírez:

La vida en las sociedades rurales se caracteriza por una relación intensa y permanente en espacios comunes y tiempos compartidos, y los modos de comunicación se caracterizan por los discursos coloquiales más apropiados para el tipo de convivencia de proximidad y gran hermandad [...] siendo los más frecuentes los convivenciales (saludos y discursos básicos de convivencia), apelativos, afectivos, conversacionales, narrativos e instructivos. (Ramírez Martínez 2011:61)

¹ Gustaríame amosar aquí os meus sinceros agradecementos á todas as veciñas e veciños da parroquia de Darbo que se prestaron ás entrevistas, en especial á miña avoa Serafina Broullón. O meu agradecemento fágoo extensible ó profesor Xosé A. Fernández Salgado, por me axudar a levar avante o presente traballo, no seu día o meu Traballo de Fin de Grao.

Por conseguinte, coa chegada destes novos poboadores a Darbo, aparecen novos modos de convivencia influenciados polos ámbitos urbanos, de xeito que se reduce a relación entre a veciñanza, os saúdos e as conversas son cada vez menos frecuentes e moitos destes discursos coloquiais, así como outras expresións propias do mundo rural, van desaparecendo. Esta situación está na orixe da elaboración deste traballo, que ten como obxectivo estudar un destes discursos convivenciais en perigo de extinción, concretamente os discursos apelativos, isto é, os *alcumes*. Pero máis alá do minucioso estudo deste tipo de discurso tan notable, o que pretendemos é demostrar e defender que os alcumes forman parte dun rico patrimonio lingüístico que poida que se estea a perder.

O noso traballo procura, por tanto, ser unha pequena achega ó estudo dos discursos apelativos propios do mundo rural e para iso centrarémonos na análise dos alcumes recompilados na parroquia de Darbo, no concello de Cangas do Morrazo.



Mapa 1: Localización da parroquia de Darbo no concello de Cangas.

Fontes: <<https://gl.wikipedia.org/wiki/Cangas>> e <https://es.wikipedia.org/wiki/Cangas_de_Morrazo>.

2. Metodoloxía

Para conseguir o noso obxectivo propuxémonos desenvolver o noso labor por fases: en primeiro lugar, realizar un traballo de campo consistente na recollida de alcumes por toda a parroquia de Darbo; posteriormente, elaborar unha base de datos co material recollido; e, finalmente, redactar o traballo sobre os alcumes a partir da análise dos datos recollidos nunha parroquia rural ben coñecida por nós.

2.1. O traballo de campo

Unha vez escollida a parroquia de Darbo como área de traballo, procedemos a facer unha recolleita de alcumes. Para iso, decidimos ir por cada un dos quince núcleos de poboación de Darbo e, en principio, enquisar a tres informantes en cada un deles. Así e todo, nalgúns casos só foi necesario entrevistar a dúas persoas dese lugar xa que o barrio no que nos atopabamos era unha zona pequena. O noso obxectivo consistiu non só en recoller dos informantes o máximo número de alcumes, senón en ir anotando tamén datos que fosen relevantes para o noso estudo, tales como as características fonéticas e dialectais, a motivación, a antigüidade, se foi herdado ou non etc. Para realizar as entrevistas, usamos unha gravadora co fin de que toda a información proporcionada quedase rexistrada e puidésemos revisala sempre que fose preciso. Á hora de elixir os informantes, optamos por xente maior, preferentemente de 70 anos en diante, aínda que nalgúns barrios por mor da mala recepción dos veciños máis vellos tivemos que decantarnos por persoas máis novas, moito máis receptivas e partícipes. A nosa preferencia pola xente maior débese a que é a que máis coñecementos ten do lugar e, polo tanto, a que pode ofrecer máis información. A isto súmaselle outro requisito indispensable: que fosen persoas residentes en Darbo de toda a vida. Ademais de solicitarlles información relacionada co tema do noso traballo, á cada informante pedíuselle algúns datos persoais e de carácter sociolingüístico.

2.2. Elaboración das bases de datos

A partir da información recollida creáronse dúas bases de datos. Nunha delas recollemos a lista dos nomes, alcumes, sobrenomes... recadados, así como toda a información de tipo lingüístico e antropolóxico que consideramos máis significativa para o noso estudo. Esta base de datos está composta polos seguintes campos:

- **Alcume.** Neste campo listouse a forma recollida, co nome propio no caso de que forme parte do alcuño, e coa presenza (ou non) do artigo determinado e a preposición (*de*). Cando o alcumado é unha persoa xa falecida, indicámolo mediante o símbolo dunha cruz. Nos casos en que o alcume presenta fenómenos como *seseo* ou *gheada* reflectímolo na transcripción fonética.
- **Transcripción fonética.** Recolleuse unha transcripción fonética estreita do alcume. Para representar o fenómeno da *gheada* empregamos o símbolo da realización fricativa velar xorda [x], pois é a pronuncia maioritaria. No caso de presentar *seseo* explosivo, indicámolo a través da fricativa predorsal xorda [s], por ser

tamén a realización maioritaria. Canto á pronuncia do fonema fricativo prepalatal xordo /x/, nos casos da súa despalatalización optamos polo símbolo [ɣ].

- **Categoría gramatical.** Sinalouse a clase de palabra que constitúe o alcume, sen ter en conta o nome propio, o artigo e a preposición (no caso de que aparezan). Cando o alcume é un nome composto, unha frase ou unha oración, indícase a categoría gramatical de cada un dos termos que compoñen a forma resultante.
- **Xénero.** Mostra o sexo da persoa portadora do alcume.
- **Número.** Indicouse se o alcume fai referencia á un só individuo ou a varios.
- **Ámbito xeográfico.** Sinalouse o barrio ó que pertence o alcumado. Cando o alcume alude a un grupo de persoas que viven en barrios diferentes, indicámolo no apartado *Comentarios*.
- **Motivación.** Recolleuse a causa que promoveu a creación do alcume. Nos casos en que os informantes descoñecen a motivación deixamos o campo baleiro.
- **Antigüidade do alcume.** Neste campo rexistrouse o momento no que os veciños lle atribúen ó individuo o seu alcume; é dicir, o intre no que o alcumado empeza a portar (consciente ou inconscientemente) o seu alcuño.
- **Descendentes.** Mostrouse o apelativo que reciben as persoas que herdán o alcuño do alcumado, nos casos en que pasa á outros familiares.
- **Pasou a outros familiares.** Indicouse se o alcume o herdán familiares do alcumado ou non; nos casos en que si, mostramos como é o alcuño que reciben.
- **Clasificación semántica.** Sinalouse o campo semántico ó que pertence o alcume tendo en conta, en primeiro lugar, o significado léxico do alcuño e, en segundo lugar, a súa motivación. Nesta clasificación adoptamos unha postura o máis obxectiva posible, de xeito que ante alcumes como *Cándido o Rato*, *Camilo o Serrán* ou *Josefa a Perraca*, a pesar de aludiren a características psicolóxicas ou físicas, entre outras, optamos por encadralos no campo semántico dos animais, xa que só temos en conta nun primeiro momento o significado léxico do alcume.
- **Proceso de formación.** Móstranse os distintos procedementos morfolóxicos usados na creación dos alcumes (conversión, derivación, composición...). No caso dos alcuños que non rexistran formas nos dicionarios e/ou de orixe e motivación descoñecidas, deixamos o campo baleiro.
- **Castelanismos.** Indicáronse os casos en que o alcume refire a unha palabra ou conxunto de palabras tomadas do castelán.

- **Híbridos.** Sinaláronse os alcumes compostos por dous elementos procedentes de linguas distintas. No noso corpus, todas as formas híbridas se compoñen dun elemento galego e doutro castelán.
- **Presenza no dicionario.** Indicouse se a forma que constitúe o alcume ten entrada nos dicionarios ou non. Os dicionarios utilizados na consulta foron o *DRAG*, *DIGALEGO*, *DdD*, *ESTRAVIZ*, *Priberam*, o *TLPGP* e o *DRAE*.
- **Definición no dicionario.** Móstranse as acepcións que presenta nos dicionarios o nome que constitúe o alcume. Naqueles casos en que o alcuño era unha palabra composta, expuxéronse as definicións de cada un dos termos por separado.
- **Análise persoal da orixe do alcume.** Neste campo ofrécese unha opinión persoal acerca da orixe dalgúns alcumes, dos que a pesar de ignorar a súa motivación nalgúns deles, podemos extraer unha posible hipótese ou conclusión.

Tocante á outra base de datos, nela recolleemos toda a información relacionada coas persoas entrevistadas: nome, apelidos, idade, núcleo de poboación ó que pertence, profesión, se é galegofalante ou non, número de alcumes ofrecidos... Na Táboa 1 listamos, coas iniciais do seu nome, todos os informantes cos que conversamos, o seu sexo, idade, barrio no que viven e o número total de alcumes proporcionados.

Como se pode ver, en total entrevistamos 42 persoas, xeralmente tres por cada barrio, exceptuando aquelas zonas máis pequenas da parroquia, como Cima de Vila, O Seixo, A Serra Nacente e Ximeu, onde só precisamos de dous informantes. Das 42 persoas entrevistadas, o 73,8% foron mulleres, que son así as que proporcionaron o maior número de alcumes, e o 26,2% restante foron homes. A media de alcuños achegados por informante foi de 20, aproximadamente, que deu como resultado final un total de 243 alcumes diferentes na parroquia de Darbo, que constitúe o noso corpus de análise.

Informante	Sexo	Idade	Barrio	Alcumes achegados
D	M	66	Balea	28
Anónimo	M	-	Balea	12
FG	M	71	Balea	24
CGM	M	79	As Barreiras	35
FGM	M	74	As Barreiras	12
CRF	M	89	As Barreiras	10
CGM	M	79	As Barreiras	35
AM	M	68	O Castelo	14

M	M	73	O Castelo	27
Anónimo	H	-	O Castelo	13
VP	M	68	Cima de Vila	12
Anónimo	M	-	Cima de Vila	24
SBG	M	90	O Cunchido	49
FFF	H	88	O Cunchido	36
CRF	M	81	O Cunchido	22
AC	H	82	A Madalena	27
Anónimo	M	-	A Madalena	9
C	M	76	A Madalena	14
CGP	M	73	Ourelo	18
S	H	82	Ourelo	12
Anónimo	M	69	Ourelo	21
CGC	M	75	O Piñeiro	10
MBM	M	79	O Piñeiro	67
BS	H	79	O Piñeiro	20
AM	H	76	San Pedro	13
MR	M	71	San Pedro	21
Anónimo	M	-	San Pedro	14
JG	H	65	San Roque	10
A	H	60	San Roque	17
P	M	74	San Roque	8
CFR	M	65	Santa Marta	13
DV	H	65	Santa Marta	32
JM	M	73	Santa Marta	14
SMF	M	74	O Seixo	22
ARF	M	84	O Seixo	12
FR	M	78	A Serra de Nacente	20
A	M	-	A Serra de Nacente	11
P	M	70	A Serra de Poente	18
ML	M	68	A Serra de Poente	32
EC	H	72	A Serra de Poente	29
JG	H	72	Ximeu	12
Anónimo	M		Ximeu	17

Táboa 1: Listaxe dos informantes de Darbo entrevistados.

2.3. Redacción do traballo

Despois de examinarmos os datos do noso corpus, elaboramos este traballo escrito, no que ademais de analizar os resultados obtidos desde un punto de vista fonético, morfolóxico e semántico, tamén aborda cuestións relacionadas cos alcumes e outros termos aíns, como a súa caracterización, a súa orixe, a súa importancia antropolóxica..., que aínda hoxe causan certa controversia. Para iso, revisamos a bibliografía sobre o tema, tanto estudos que abordan estas expresións desde un punto de vista teórico sexa lingüístico ou social (Morera Pérez 1991, Rebollo Torío 1993, Ariza 1993, Oro 1999, Ramírez Martínez 2004, 2011, Carrasco Molina 2009, García Porral 2018, López de los Mozos 2018) coma aqueles traballos de recompilación, sobre todo os feitos en Galicia (Ríos Santomé 2005, Bouzas Rosende 2007, Escourido Pernas 2007, González Martínez 2007, Rodríguez Rodríguez / Moo Pedrosa 2007, Rodríguez Ruibal 2007, Soto Arias 2007, Vázquez López 2007, Zapico Barbeito 2007, Piñeiro Castro / Fernández Salgado 2016, Soto Arias 2018).

3. Orixe e historia dos alcumes

Para coñecer cando xorden os alcumes, de que maneira e por que, deberemos remontarnos ó inicio da historia do ser humano, xa que estes apelativos son tan antigos coma el. É máis, se lle preguntamos a unha persoa relixiosa sobre a orixe da humanidade diranos que todos somos descendemos de Adán ('feito de terra') e de Eva ('nai de todos os homes'). Así mesmo, se puidésemos retroceder no tempo comprobaríamos se a raíña Xoana «a Tola» en verdade tiña problemas mentais, se o seu marido Filipo «o Fermoso» era tan guapo como dicían, se Xoana «a Beltranexa» era ou non filla de Beltrán de las Cuevas, ou mesmo se Ricardo «Corazón de león» era tan valente coma o animal no campo de batalla. Incluso se chegásemos á época do Imperio Romano e preguntásemos por Plinio, diríannos con cal deles queríamos falar, se con Plinio «o Vello» ou con Plinio «o Novo».

Estes exemplos demostran que os alcumes non son expresións propias da nosa época, senón que é unha práctica que vén de vello. Mesmo xa na antiga Roma a forma do nome latino caracterizábase por ter *praenomen*, *nomen* e *cognomen*: «con el primeiro se aludía al nombre propio de la persona, el segundo nombraba lo que hoy es el apellido y el tercero era el que pertenecía a un sobrenombre individual» (Guerrero 2006: 60).

Por outro lado, resulta interesante a afirmación do profesor Jesús Ramírez sobre a xénese dos nomes propios, pois asegura que:

Los primeros nombres propios no dejaban de ser apelativos identificadores que daban cuenta de las características, capacidades, valores, defectos y cualidades que se le suponían a la persona nombrada por ese apelativo tan cercano al apodo. [...] El nombre propio, por tanto, es el heredero formal y sin apenas carga significativa del apodo de origen que, por supuesto, era motivado. (Ramírez Martínez 2004: 264)

Por tanto, non cabe dúbida de que o alcume e o nome propio manteñen unha relación moi próxima, malia as diferenzas entre eles. O que si é certo é que tanto o alcume coma o nome propio teñen unha mesma orixe e cumpren unha función similar, que é a denominativa ou designativa. Con todo, é necesario matizar o seguinte: por exemplo, se nos centramos na historia da monarquía hispánica veremos que existiron moitos Filipo, Afonsos, Fernandos, Sanchos, Pedros e Fernandos; pero se dicimos Filipo «o Fermoso» estamos concretando a que Filipo nos referimos, ó tempo que se falamos de Afonso «o Sabio» estaremos aludindo á Afonso X, se mencionamos a Fernando «o Santo» estaremos aludindo á seu pai Fernando III, se dicimos Sancho «o Desexado» referirémonos á Sancho III, e se mencionamos Pedro «o Cru» estaremos falando de Pedro I.

Con isto, o que pretendemos demostrar é que a pesar da función denominativa que desempeñan tanto o nome propio coma o alcume, este último caracterízase por ser moito máis preciso. Mentres que o nome propio é o termo co que designamos a alguén de maneira formal, chegando a adquirir unha finalidade puramente administrativa, o alcume é, parafraseando a Ramírez Martínez (2004: 264), unha creación lingüística motivada que responde a algunha característica do individuo, resaltando o que é relevante e facéndoo recoñecible indutiva ou dedutivamente. Mesmo na literatura, onde o uso do alcume é un feito frecuente, podemos percibir a función identitaria que caracteriza á estes apelativos, pois o Milhomes, o Castizo e o Bocas son bastante máis coñecidos ca Aladio, Cibrán e Xanciño, os esmorgantes da coñecida obra *A esmorga* de Eduardo Blanco Amor.

Tendo en conta esta función denominativa, hai que destacar tamén que a existencia do alcume ten orixe a partir da consideración e do modo en que o suxeito é visto polos demais, pois neste sentido, como afirma Cárdenas (1994: 36), «el apodo tiende a identificarlo definiéndolo en relación con un contexto, de manera que está estrechamente ligado con su portador para bien o, las más veces, para mal».

Canto ó motivo da súa aparición, cómpre non esquecermos que os seres humanos somos unha especie racional, social, emocional e afectiva. A diferenza doutros animais, chegamos a este mundo nun estado máis inmaturo, de xeito que dependemos dos demais para desenvolvernos física e psicolóxicamente. Somos quen de

comunicarnos e de establecer relacións entre nós mesmos por medio dunha linguaxe articulada. En consecuencia, os alcumes xorden co propósito de:

cubrir una serie de necesidades comunicativas, sociais, emotivas y estéticas. [...] Así como para establecer rangos o grupos sociais, aportar valores afectivos, introducir connotaciones, clasificar, economizar lenguaje o ganar relevancia, ofender, fomentar y practicar la creatividad, establecer comparaciones, jugar con el lenguaje, literaturizar[...]. (Ramírez Martínez 2004: 262)

Con esta afirmación, Ramírez Martínez defende o carácter universal dos alcumes, algo co que Rebollo Torío (1993: 348) non está de acordo de todo, xa que, tal e como el di, «todas las personas tienen nombre, lo conocemos o no; no todas tienen, en cambio, apodo», e engade que os alcuños se vinculan a unhas certas características que fan delas un fenómeno non necesariamente acorde con todas as persoas, senón só cuns determinados grupos. Universalidade ou non, o caso é que estas expresións aparecen con regularidade en moitas culturas do mundo e, ó igual ca outros discursos comunicativos, sobreviviron ó paso do tempo.

Se atendemos ó estado do alcume na actualidade, comprobaremos como este está máis vencellado ó mundo rural do que ó urbano. Con todo, «non cabe descartar a posibilidade de que o feito de alcumar tamén sexa (ou fora) un fenómeno habitual no ámbito urbano, posiblemente asociado a individuos de familias nativas da vila-cidade ou a individuos [...] que precisaban ser alcumados para seren distinguidos e identificados» (García Porral 2018: 11). Pola súa parte, Rebollo Torío tamén o relaciona co estrato social ó afirmar que, sen dúbida, o alcume está moito máis estendido nas aldeas do que nas cidades, «así como en los estratos sociales más bajos de la sociedad, siendo mucho más frecuente entre los grupos marginales» (Rebollo Torío 1993: 348).

Así a todo, aínda que estas expresións teñan unha presenza maior no mundo rural do que no urbano, pódese sentir como dende hai anos están a sufrir unha progresiva decadencia, motivada por unha serie de factores. En primeiro lugar, o éxodo rural, acontecido desde mediados do século XX debido ó fenómeno da industrialización, provocou que as zonas rurais perdesen gran parte da súa poboación. Moitas destas persoas retornaron anos despois e con eles, introducíronse novas formas de vida e novos hábitos sociais totalmente influenciados polos ámbitos urbanos. Na actualidade, isto é algo que segue a acontecer, pois debido ós cambios de domicilio, moitas aldeas están a recibir chegadas de novos residentes procedentes das cidades. Ademais, destacan tamén os desprazamentos diarios daquelas persoas que traballan na cidade e que ó final da súa xornada regresan ás súas casas. Isto, inevitablemente, altera as formas de convivencia características das sociedades rurais e, consecuentemente, os discursos que reforzan esa convivencia.

Ramírez Martínez (2011: 58) destaca que as sociedades rurais se caracterizan por manter unhas relacións de gran proximidade: «los vecinos y vecinas comparten de continuo espacios públicos comunes, además de toda una historia de vida que, en la mayor parte de las ocasiones, se pierde en tiempos inmemoriales». Como resultado deses lazos de confianza, desa complicidade e desa proximidade xorden os alcumes, discursos apelativos, referenciais, sociais e afectivos que pouco a pouco se van perdendo a medida que se van reducindo as relacións sociais e, por tanto, afectivas, con estes novos residentes e veciños. Pola súa parte, García Porral (2018: 13) engade que este «individualismo social teñido por la influencia del mundo urbano», ademais de facer que as relacións entre veciños sexan inexistentes, ocasiona que moitas celebracións e festexos típicos do mundo rural, como por exemplo as romarías, contén cada vez con menos xente.

Finalmente, para o escritor José Ramón López de los Mozos, outros factores que condicionan a desaparición dos alcumes son, por un lado, a escolarización completa dos nenos no mundo rural, onde moitas mestras e mestres condenan o uso dos alcumes, sobre todo dos degradantes; e, por outro, a consideración que teñen as novas xeracións do alcuño, xa que o ven «como una antigualla propia de un sistema social pretérito» (López de los Mozos 2018: 178).

Ante todos estes condicionantes, do que non cabe dúbida é que os alcumes son formas pertencentes a un rico patrimonio lingüístico, que desgraciadamente parece condenado a desaparecer. Non obstante, quizais non debamos ser tan pesimistas, pois estas formas de denominación parecen querer moldearse ós novos tempos, por exemplo, a través dos chamados *nicknames* que usan os adolescentes «ó ampliaren as súas fronteiras culturais adoptando as novas formas de comunicacións que lles ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación», como recollen Piñeiro Castro e Fernández Salgado (2015: 159).

4. Caracterización do alcume

Xa sinalamos que o alcume é un recurso lingüístico antigo, cunha relación moi próxima ó nome propio e cunha función denominativa, xa que serve para distinguir, recoñecer ou precisar a identificación dun individuo. Non obstante, se tivésenos que dar unha definición técnica del, que responderíamos? A continuación, a partir de diversas fontes de información trataremos de definir con exactitude o concepto de *alcume*. Así mesmo, tentaremos establecer a distinción entre el e outros termos cos que aparentemente mantén unha certa relación de sinonimia, total no caso de *alcuño*

ou *alcuña*, e con certas matizacións con *sobrenome*, *alias*, *cognome*, *pseudónimo* ou *hipocorístico*², ademais de examinar as súas características e a súa clasificación.

4.1. Definición de alcume

En primeiro lugar, antes de dar unha definición convén ter clara a distinción entre *alcume* e *apelido*, pois, segundo Carrasco Molina (2009), mentres que o segundo pasa dunha xeración á outra e ten un carácter oficial e administrativo ademais dunha validez universal e intemporal, o primeiro «solo tiene vigencia en nuestro pueblo y no tiene, por supuesto, ninguna validez a efectos administrativos o burocráticos». Malia estas desemeallanzas, ambos cumpren unha función denominativa, aínda que os alcumes se caracterizan por seren nomes máis particulares, no sentido de que son atribuíbles á un só individuo, á diferenza do que acontece cos apelidos.

Canto á súa definición, se atendemos ó *Diccionario da Real Academia Galega*, o alcume na súa primeira acepción é «o nome que se lle dá coloquialmente a unha persoa en lugar do seu propio, tomado dos seus defectos físicos, morais ou doutras circunstancias» (*DRAG* s.v. *alcume*), e engade como exemplos: *Ten un alcume moi orixinal* e *O alcume vénlle de familia*, como sinónimos: *aldeallo*, *alcuño*, *nomeada* e pide que se confronte cos lemas *alias*, *apelativo*, *cognome* e *sobrenome*. Se consultamos e comparamos este mesmo termo *alcume* noutras fontes, obsérvase como algunhas delas, a pesar de ofrecerem acepcións aparentemente semellantes, interpretan o alcume de forma un pouco diferente. No caso do *Pequeno Dicionario Xerais da Lingua*, o alcume é un «mal nome, alias, sobrenome» (*PDXL* s.v. *alcume*). Pola contra, o *Gran Dicionario Xerais da Lingua Galega* di do alcume que é un «sobrenome ou mal nome co que é coñecida unha persoa ou unha familia; aldeallo, alcuño, nomeada» (*GDXL* s.v. *apodo*). Neste aspecto relativo á «familia» incide tamén a definición contida no dicionario en liña *DIGALEGO*: «antropónimo engadido ao nome dunha persoa ou mesmo a todos os membros da mesma familia que vén motivado por algunha atribución persoal» (*DIGALEGO* s.v. *alcume*).

Pola súa parte, o *Diccionario da Real Academia Española* expresa nunha primeira acepción que o alcume é o «nombre que suele darse a una persona, tomado de sus defectos corporales o de alguna otra circunstancia» (*DRAE* s.v. *apodo*). Chama a atención a definición que dá María Moliner (1998) no seu *Diccionario del uso del español*, pois para ela o alcume (baixo a entrada *apodo*) é un «sobrenombre aplicado

² No galego popular para *alcume* poden atoparse tamén voces como *apoio*, *apodo*, *mote*, *nomeada*, *remote*, *romeada* ou *mal nome*, algúns deles de influencia castelá (véxase *DdD* s.v. *mote*, na opción «Buscar por palabras en castelán»).

a veces a una persona, entre gente ordinaria, y muy frecuentemente en los pueblos, donde se transmite de padres a hijos».

De entre todas elas, tendo en conta o xa dito nos apartados anteriores, considero que as definicións que mellor reflicten o concepto *alcume* son as do *DRAG*, *DXLG*, a pesar da súa brevidade, e o *DRAE*. Con todo, se reflexionamos sobre algunhas delas, convén ter en conta as precisións enunciadas por Cesar Oro (1999: 758):

Primero: un apodo puede aplicarse a todo un pueblo. [...] Segundo: se puede apodar una cosa como 'La Pepa' por 'La Constitución de 1812'. Tercero: el apodo se usa para nombrar a cualquier individuo, no importa su clase social, como Alejandro 'Magno', Carlos 'Martel', Alfonso X 'El Sabio', etc. todos ellos destacadas figuras de la Historia. [...] Cuarto: el apodo puede resaltar una cualidad positiva o negativa».

Ademais destas definicións que contribúen a caracterizar o *alcume*, é interesante a noción que ten a doutora e escritora Isabel Escudero sobre estes apelativos, pois para ela son elementos de «metaescritura» pola súa capacidade para manterse no tempo e conservar, con eles, a memoria da cultura á que pertencen. Para ela, a escritura cos seus signos gráficos e os alcumes, esencialmente orais, son memoria dos pobos e dos seus saberes (*apud* Ramírez García / Ramírez Martínez 2005: 93).

4.2. O alcume e outros termos afíns

Se nos fixamos nas acepcións anteriores, observamos como a palabra clave á que recorren os dicionarios para definir o alcume é, na maioría das veces, a de *sobrenome*. Xunto a ela atópanse outros termos como *alias* ou *cognome*, cos que *a priori* logra establecer unha certa relación de sinonimia.

Así e todo, se examinamos en profundidade as definicións destas catro palabras: *alcume*, *sobrenome*, *alias* e *cognome*, comprobamos que, aínda que todas están estreitamente relacionadas, entre algunhas existen pequenas diferenzas que desbotan esa posible relación de semellanza total. Se consultamos a súa definición no *DRAG*, resulta lóxico agrupar por un lado, *sobrenome* e *alias*; e por outro, *alcume* e *cognome*:

Sobrenome: Nome distinto do propio, polo que é coñecida unha persoa.

Cognome: 2. Sobrenome dunha persoa, que fai referencia aos seus trazos físicos, a algunha calidade moral etc.

Alcume: 1. Nome que se lle dá coloquialmente a unha persoa en lugar do seu propio, tomado dos seus defectos físicos, morais ou doutras circunstancias.

Alias: 2. Nome distinto do propio polo que é coñecida unha persoa.

Así, existen autores como Rebollo Torío que afirman que o termo *sobrenome* é un hiperónimo de *alcume*:

Pese a la semejanza entre *sobrenombre* y *apodo*, el *sobrenombre* es más extenso, tiene más amplitud y no es necesariamente un *apodo*. [...] Un *apodo* es un *sobrenombre*, pero no todo *sobrenombre* es forzosamente un *apodo*. El *sobrenombre* tendría una relación de hiperonimia con respecto a los demás». (Rebollo Torío 1993: 345)

A el súmanse outros autores que comparten a súa idea; por exemplo, Iglesias Ovejero (1980: 8) defende a evidencia de que dentro do *sobrenome* se poden establecer distincións e que o *alcume* é soamente unha clase de *sobrenome*. Con todo, este tipo de afirmacións non conseguen convencer a todos, pois Gómez Macker (1977: 107) insiste en que o *sobrenome* ou *alcume* cumpre unha función básica que o caracteriza e que é identificar as persoas. Desta maneira, para el todos estes termos son totalmente equivalentes. O mesmo opinan López García e Morant (1991: 97), que empregan indistintamente *sobrenome*, *alcume* e *alias* e incluso aluden a formas hipocorísticas sen explicar semellanzas ou diferenzas.

Con respecto ós *hipocorísticos* e mesmo ós *pseudónimos*, aínda que son conceptos que poden xurdir á hora de pensar no campo léxico de *alcume*, parécenos acertada a distinción que establece Rebollo Torío (1993: 345). Os *pseudónimos* e os *hipocorísticos*, situados nunha escala, serían formas que se encontran máis afastadas do termo *alcume*. Mentres que os primeiros ocultan o nome de maneira deliberada e a súa denominación é debida ó propio autor, non a ninguén alieo á el, o *hipocorístico* non constitúe necesariamente un *alcume*, pois a súa motivación céntrase exclusivamente no nome orixinario do individuo e, endexamais, existe unha consideración negativa en tal denominación.

4.3. Trazos do alcume

Agora ben, cales son os requisitos que deben cumprir os alcumes para ser considerados como tales? Aínda que anteriormente xa demos conta dalgúns dos seus trazos, a continuación exporemos conxuntamente as súas principais características. Seguindo a López de los Mozos (2018: 178), as características máis definitorias do *alcume* son as seguintes:

- 1) Nace dunha motivación; o *alcume* engade algunha carga expresiva ou estilística especial, que é motivada por algún trazo ou herdanza persoal ou social (real ou atribuída imaxinariamente pola comunidade) de quen o recibe. Por exemplo, na recolleita de Darbo os casos de *a Dema*, *o Dente*, *a Nécora*...

- 2) A autoría e a asignación dos alcumes é, polo xeral, anónima ou reservada.
- 3) É ambiguo e inestable, xa que o seu número crece ou diminúe sen ter unha norma que o regule. É produto da creatividade oral propia de comunidades rurais e de escasa poboación, ou de barrios cunha forte identidade dentro das cidades.
- 4) Ás veces hérdase dunha xeración á outra e convive con outros alcumes, o que provoca que en ocasións un mesmo individuo poida reunir alcumes herdados por liña paterna e materna. Se tomamos a parroquia de Darbo como exemplo, atopamos un veciño que posúe dous alcumes, aínda que neste caso un deles é herdado polo pai e o outro recibiu por el mesmo: por un lado, coñécese como *Paco o Belusán*, xa que o seu pai era de Beluso; por outro, como *Paco o Faquillo*, debido a que, segundo nos dixeron, «é un home que de mozo era medio delincuente e sempre andaba a facer das súas».
- 5) Comunica un sentido metafórico xurdido dalgunha analoxía observada con respecto á obxectos, seres, entes ou trazos apreciables no entorno habitual. En Darbo podería servir de exemplo *o Choco*, *as Monas* e *a Pavera*, con reminiscencias ó que fai cada animal.
- 6) Algúns alcumes poden ser pexorativos e subliñan algún suposto defecto físico ou moral do individuo (ou dalgún antepasado ou familiar seu). Moitos deles poden chegar a ser inxuriosos e ofensivos. Por exemplo, na nosa recolleita temos *José o Judas*, *Carmucha a Meca* e *Evaristo o Patán*.
- 7) Adoita ir acompañado de artigo e ás veces deriva en masculinos, femininos e plurais. Por exemplo, na nosa recolleita atopamos *o Castrón*, *o Madaleno*, *a Chichona* e *as Chenchas*.
- 8) Algúns deles constrúense mediante xustaposición; coma tal, no noso corpus atopamos *as Canaverdes*, *o Caraancha* e *o Botavento*.

Ademais destas oito características, García Aranda (2000: 80) engade que os alcumes destacan aínda por «cumplir un importante rol sociocultural», debido a que establecen vencellos especiais entre as persoas que os posúen e as que os usan. Por outra parte, en canto á forma, afirma que poden constituír vulgarismos fonéticos e morfolóxicos, onomatopeas, metáteses, estranxeirismos, cultismos.... Así mesmo, se nos fixamos nos alcumes dende un punto de vista gramatical, comprobaremos como este tipo de apelativos «están a caballo entre el nombre común y el propio» (Ariza 1993: 40), característica que analizamos a seguir.

4.4. Nome propio ou común?

De entre as categorías gramaticais existentes, os alcumes encádranse no grupo dos nomes, pero sabendo que estes se dividen en comúns e propios, a verdadeira cuestión está en determinar a cal deles pertence. A día de hoxe, debido á gran diversidade de opinións, esta pregunta segue sen ter unha resposta clara e concluínte. Para algúns autores como Morera Pérez (1991), non hai dúbida de que o alcume é un nome propio máis, posto que a súa función básica é realizar unha determinada identificación no universo do discurso. A única diferenza apreciable entre ambos é que o nome propio perdeu o valor léxico do nome común do que procede, mentres que o alcume segue a mantelo:

La única diferencia que se aprecia entre el apodo y el nombre propio ordinario consiste en que la significación de este último debido a su fosilización, oficialización y carácter tradicional, ha quedado reducido exclusivamente a la función identificadora a secas, sin que en la mayor parte de los casos, exista en la conciencia del hablante el más mínimo rastro del valor léxico del nombre común del que procede, en tanto que la significación del apodo no se ciñe exclusivamente a su función identificadora, sino que, debido a su carácter esporádico y a su función de denominación marginal, suele mantener el valor léxico del sustantivo común que le sirve de base. (Morera Pérez 1991: 204)

Outros estudosos defenden que o alcume posúe características exclusivas tanto do nome común coma do nome propio. Por exemplo, Ariza (1993: 36) afirma que o alcume comparte co nome común a flexión xenérica pero non a de número, xa que, ó igual que acontece co nome propio, non admite o plural. Así mesmo, fronte aqueles que conciben o alcuño coma un nome propio, Ariza (1993: 40) considera que só «son auténticos nomes propios cuando han perdido su significado, es decir, si el hijo de Enrique el Cojo ya no es Cojo».

Pola súa parte, Rebollo Torío (1993: 346) opina que ó igual cós nomes propios, os alcumes son monovalentes, aínda que poden ser multívocos. Non teñen cabida nos dicionarios e, a diferenza do nome propio, o alcume admite traducións dunha lingua a outra; e continúa: «la traductibilidad separa a nombres propios de apodos, y esa característica tiene su explicación en que las razones que priman a la hora de buscar una denominación del nombre propio para una persona y un apodo son muy diferentes» (1993: 347).

Por outro lado, se botamos man da descrición que fan Álvarez e Xove (2002: 376) na súa *Gramática da lingua galega* sobre os trazos que diferencian o nome propio do común, comprobaremos que, en primeiro lugar, os alcumes coinciden cos nomes propios no feito de careceren de significado de clase, pero, ó igual cós comúns, as súas

posibilidades referenciais son moi amplas. En segundo lugar, da mesma maneira có nome propio, o alcume ten un referente constante, pero é certo que ás veces, tal e como acontece co nome común, necesita dun determinante ou dun modificador para precisar a súa referencia. En terceiro lugar, con respecto ó xénero e ó número, algúns autores concordan en que os alcumes teñen oposición de número e de xénero, ó igual cóns nomes comúns. Non obstante, neste punto Ariza non está de todo de acordo, xa que para el casos como «*los Guillenes* no son considerados plurales, sino que son aplicados a una pluralidad de miembros de una familia» (Ariza 1993: 36).

Pola súa parte, Anaír Rodríguez e Xosé Manuel Moo no seu estudo sobre os alcumes de Leirado e Vilaverde chaman a atención sobre como «os alcumes poden ser modificados, mesmo de forma restritiva», e indican que «comparten con ambos os tipos de nomes o feito de poder ser homófonos, pois distintas realidades extralingüísticas son susceptibles de recibiren un mesmo alcume» (Rodríguez Rodríguez / Moo 2007: 216).

Como se pode apreciar, os alcumes son termos que non encaixan nin no grupo dos nomes propios nin no dos comúns, senón que están nun punto intermedio entre os dous, e é que, tal e como di Jespersen (1975: 69), «no existe una frontera clara entre los nombres propios y los comunes». A tradición gramatical divide os substantivos en comúns e propios e estes últimos, en nomes de persoa e de lugar; pero non hai máis que estudar o campo dos alcumes para darse conta de que esta clasificación resulta simplista. Que facer, entón, con aqueles nomes de animais ou obxectos personificados? Cos títulos de obras de arte ou marcas de produtos? Cos nomes de acontecementos ou épocas históricas? Ou mesmo cos termos ideolóxicos? Non serían todos eles tamén nomes propios? O nome propio é un concepto moi amplo que pode englobar diversos subtipos, e entre eles estarían, por suposto, os alcumes.

4.5. Clasificación dos alcumes

O elevado número de alcumes, xunto coa súa diversidade, fai que os especialistas neste ámbito sintan a necesidade de realizar clasificacións deles. Algunhas desas clasificacións son máis precisas ca outras, pero todas elas concordan en catalogar os alcumes sobre todo dende un punto de vista semántico, atendendo á motivación como motor básico do alcume.

Tras analizar e confrontar as clasificacións propostas por Ramírez Martínez (2011: 56), Escourido Pernas (2007:150) e González Martínez (2007: 161), a que empregaremos nós na nosa análise contén os seguintes 15 campos:

- 1) **Actitudes, tendencias e características psicolóxicas.** Pertencen a el alcumes que reflicten aspectos relacionados co carácter e comportamentos ou particularidades da forma de ser das persoas; por exemplo, no noso corpus temos *a Carrapicha, a Rabuxa e o Terror*.
- 2) **Alimentos.** Relacionan ó alcumado cun alimento en concreto ou mesmo con comidas elaboradas. Na nosa base de datos non identificamos ningún alcume deste tipo.
- 3) **Animais.** Neste tipo de alcumes é onde mellor se aprecia a ironía e a metáfora. A motivación débese, segundo Escourido Pernas (2007:150), «ó paralelismo que se establece cun animal, ou ben por comportamentos semellantes, xestos ou aparencias físicas, ou mesmo por presentar características humanas atribuídas ós animais». Da nosa recolleita temos como exemplo *a Pollina, o Xurelo e o Oso*.
- 4) **Antroponímicos.** O alcume xorde a partir dun nome de pila ou dun apelido, de aí que dentro deste grupo poidamos establecer unha subclasificación: por unha banda, estarían os antroponímicos baseados nun nome propio; e por outra, os formados a partir dun apelido. No noso corpus temos *os Juliáns, os Felipes, o Vilas e o Culío*.
- 5) **Corpo e aspecto físico.** Fan referencia a algunha característica ou deficiencia física. Por exemplo, na nosa recolleita atopamos *José o Alto, Pepe o Cabelo ou as Negritas*.
- 6) **Obxectos.** Aluden á calquera tipo de obxecto, sobre todo a instrumentos de traballo. Na nosa compilación aparecen *o Queche, o Pitorro e a Carrilana*.
- 7) **Voces malsoantes e/ou escatolóxicas.** Neste grupo incluimos aquelas palabras vulgares, así como as de contido escatolóxico, que destacan por «provocar un divertimento fácil» (Escourido Pernas 2007: 151). Na parroquia de Darbo destacan *Pablito o Cagón, a Cojona e o Merda para as mulleres*.
- 8) **Profesións e relacións sociais.** Identifican o alcumado pola súa profesión e, tendo en conta as relacións sociais do individuo, mostran a posición que ocupa nunha escala. Por exemplo, na nosa base de datos recolleemos *o Zapateiro, o Relojero e o Enterrador*.
- 9) **Toponímicos.** Relacionan ó individuo cun lugar: o sitio onde naceu, onde residiu ou reside etc. Como exemplos deste tipo de alcumes atopamos *Manuela a Asturiana, os de Vigo ou o Cordobés*.

- 10) **Vexetais.** Asocian o alcumado co mundo vexetal, xa sexa por algunha característica física ou psicolóxica; por exemplo, en Darbo, *o Bambú, a Carriza e o Piñón*.
- 11) **Anécdotas.** O alcume xorde a partir dun suceso ocorrido nun tempo pasado. En Darbo parecen remitir a iso alcumes como *Plácido Faiforzas, Camilo o Palleiro e o Paxaro mono*.
- 12) **Habilidade.** Pode facer referencia á unha habilidade destacada e valorada pola comunidade, ou ó contrario, aludir á ausencia da mesma. Por exemplo, na nosa base de datos temos *Julián o Bruxo, José o Cafrillo e o Galán*.
- 13) **Vestiario.** Os alcumes de nomes de pezas de roupa aluden ós hábitos no vestiario; tamén poden atribuírse a individuos que comercian con tecidos ou que confeccionan pezas, ou soamente ser aplicados ironicamente (González Martínez 2007: 164). Na nosa recolleita non localizamos ningún alcume deste tipo.
- 14) **Formas de falar.** Este campo acolle aquelas peculiaridades relacionadas coa fala: entoación, pronuncia, ton, trastornos de expresión oral etc.; por exemplo, en Darbo, *Manolo o Maioio, a Ramoná ou o Papeiro*.
- 15) **Costumes.** Identifican o alcumado por algunha práctica que adoita facer de maneira repetida. En Darbo son coñecidos *a de Mi alma, o Cabaleiro e o Carrexón*.

Así e todo, cómpre recoñecer que clasificar un alcume dende un punto de vista semántico non sempre é unha tarefa sinxela, pois en máis dunha ocasión xorden complicacións. Se analizamos o alcume obxectivamente sen ter en conta a motivación, resultará doado clasificalo. Pola contra, se nos baseamos na causa ou motivación é cando xurdirán as confusións, pois comprobamos como un alcume pode pertencer a máis dunha categoría e velái cando o investigador deberá reflexionar e tomar decisións. Os alcumes máis problemáticos neste sentido son aqueles que pertencen ó campo semántico dos animais, pois nun primeiro momento, ó ser un alcume un nome de animal, encádranse perfectamente nesta categoría. Non obstante, se analizamos a motivación observamos que o alcuño alude ás veces a algún trazo psicolóxico, tal e como acontece por exemplo en *o Canario* ou en *Manuel o Burro*.

Por outro lado, o alcume pode clasificarse tamén dende un punto de vista morfolóxico e sintáctico, segundo a clase de palabra ou unidade que conforme e o carácter independente que teña. Así, os alcumes poderán pertencer á clase dos *substantivos, adxectivos, adverbios, verbos, compostos, frases* ou *oracións*; e, canto á súa independencia, poderán ser *non independentes* ou *independentes* do nome oficial.

5. Análise dos alcumes da parroquia de Darbo

Abordada a caracterización do alcume dende un punto de vista teórico, centrarémonos no estudo do noso propio corpus de traballo. O obxectivo é analizar os trazos lingüísticos: fonéticos, morfolóxicos e semánticos, que definen os alcumes recollidos. Con todo, comezaremos a nosa análise tratando algunhas cuestións máis xerais.

En primeiro lugar, o traballo de campo realizado nos quince barrios que compoñen a parroquia de Darbo, permitiunos compilar 243 alcumes. A seguir, na Táboa 2 listámolos por orde alfabética, recollendo o artigo, cando o levan, e indicando cunha cruz os que son de persoas falecidas.

Alcumes de Darbo (Cangas do Morrazo)		
Alma, A de mi (+)	Alto, José o (+)	Ancho, Cecilio o (+)
Asturiana, Manuela a (+)	Baballosa, Josefina a	Bambú, O
Bocanegra, Paulino o (+)	Borrallo, O (+)	Bosteiros, Os
Botavento, O	Broullonas, As	Bruxa, A
Bruxo, Julián o (+)	Belusán, Paco o	Burra, A
Burras, José o das (+)	Burro, Manuel o (+)	Cabaleiro, O (+)
Cabeciña, O (+)	Cabelo, Pepe o (+)	Cachago, O (+)
Cacholo, O (+)	Cachulo, O (+)	Cafrillo, José o (+)
Cagán, San (+)	Cagón, Pablito o	Caguelo, O (+)
Caimán, O (+)	Canario, O	Canastreiro, O
Canaverdes, As	Canena, Alejo o	Canfis, O (+)
Canisa, A	Canitró, O (+)	Canijo, O
Capilú, Tito o	Cara de caixón, Maruja	Caraancha, O (+)
Carabau, Serafín o (+)	Carrapicha, A (+)	Carrasqueiro, Pepe o
Carrexón, O (+)	Carrilana, A (+)	Carriza, A
Carroucho, O	Cartagenera, A (+)	Cazán, O (+)
Castrón, O (+)	Cereixo, O	Chabolo, O (+)
Chafina, A (+)	Chechina, A (+)	Chenchas, As
Chichona, A	Chilino, O (+)	Chimé, José o
Chinchirrie, O (+)	Chino, O (+)	Chiquitina, A
Chirrí, Achirulicio, O (+)	Chispa, O	Choco, O (+)
Chou, Agustín o (+)	Chupitina, Pepucha a (+)	Churas, As (+)
Churrasca, A (+)	Churrero, O (+)	Coca, Lisita a
Cojona, A (+)	Conacheira, A (+)	Conexo, O (+)
Cordobés, O	Coroalda, A	Corota, A
Correquechove, Finucha	Coxa, Regina a	Coxo, O
Cuadra, Maruja a da	Cuartoquilo, O	Cucú, José o (+)

Culío, O	Dema, A	Demo, Pepe o (†)
Dente, O	Doble, Salustiano o (†)	Dorso, José o (†)
Eilo, O (†)	Enterrador, O	Espabílate anzuelo, O
Facareña, A (†)	Faiforzas, Plácido (†)	Faimerrir, José o (†)
Faquillo, Paco o	Felderechera, A	Felipes, Os
Felucos, Os	Ferrovello, O	Ferruxas, As
Fiero, O	Filisiñas, As	Francesa, Carme a (†)
Francia, O (†)	Follato, Moisés o (†)	Funicha, Jesusa a
Gafón, O	Galán, O	Galo, José o (†)
Galo, Manuel o (†)	Galurcho, Rodolfo o (†)	Gamallo, O (†)
Garnacha, A	Gavilana, Xusta a	Generosos, Os
Gordita, Maximina a	Jamagatos, O	Jartán, O
Jirafa, Josefa a	Judas, José o (†)	Judío, José o
Juliáns, Os	Languiño, O (†)	Loba, Juanita a (†)
Loco, Pepe o (†)	Machote, O (†)	Madaleno, O
Mangarrachada, O	Manicotes, Gilito o (†)	Marabilla, A (†)
Marchabien, Maruja (†)	María Flores, O (†)	Mariñán, O do
Mariños, Os	Mariquiña, O (†)	Marota, A (†)
Marrixo, O	Maioio, Manolo o	Meca, Carmucha a (†)
Meiranas, As	Menga, O (†)	Merda para as mulleres, O (†)
Milhomes, O	Millonaria, Josefa a	Molidán, O
Monas, As (†)	Mono, José o (†)	Muñeca, A
Muxico, O (†)	Nécora, A (†)	Negritas, As
Negro, José o (†)	Nelo, Manuel o	Nelucha, A
Nenas, José o das (†)	Neronas, As	Noite, José de (†)
Orense, Os de	Oso, O (†)	Ovella, José o (†)
P de potas, O (†)	Paixiño, O	Pajarillo, O (†)
Palleiro, Camilo o (†)	Pan e porco, O	Papá del cielo, Pepe
Papeiro, O	Parrola, A (†)	Pasarela, José o (†)
Paxarota, A (†)	Patán, Evaristo o	Pavera, A
Pavita, A (†)	Paxaro mono, O	Paioia, Josefa a (†)
Pechencha, A (†)	Pechita, Carmucha a	Peixe, O (†)
Pelana, A	Pelos de Tarzán, Maruja	Pelotas, Os
Pepona, A	Pereno, O (†)	Perete, O (†)
Pernastortas, Marujiña	Perraca, Josefa a	Perrita, María a (†)
Picón, O (†)	Pilo, O (†)	Pintarrosa, A
Piñón, O (†)	Piñón, Os do	Pirico, O
Pirraco, O (†)	Pirricoque, O (†)	Pitorro, O (†)
Pollina, A	Portugués, O	Queche, O (†)
Queimado, Suso o	Quichas, As	Quiche, O (†)

Quirro, José o (†)	Rabicha, A (†)	Rabixo, O
Rabuxa, A (†)	Ramoná, A (†)	Rañona, A
Rato, Cándido o (†)	Regueira, Os da	Relojero, O (†)
Relojparado, O	Ribeiros, Os	Rola, Mucha a
Rosas, Manuela a das	Roxa, A	Safanuchas, As
Salero, O	Salpirona, Carmen a	Saltóns, Os
San Roquiño, Arsenio	Saulera, A	Selo, O (†)
Señorita puerca, A (†)	Serio, o (†)	Serrán, Camilo o
Sota, José o do (†)	Sulbareas, O	Terror, O (†)
Tetina, Josefa a (†)	Tolete, O (†)	Toñitos, Os
Torero, O (†)	Torroso, O (†)	Tortiño, O
Tourón, Manolo o	Venerandas, As	Vigo, Os de
Vilas, O	Viroliñas, Jesús o (†)	Xeso, O (†)
Xurelo, O	Zapateiro, O	

Táboa 2. Alcumes recollidos na parroquia de Darbo.

Canto ó sexo ó que se refiren, dos 243 alcumes, 73 aluden a mulleres (*a Cartagenera, a Chiquitina, a Churrasca...*), 143 a homes (*o Pereno, Pepe o Loco, o Conexo...*) e os 27 restantes a grupos de persoas (*os da Regueira, os Saltóns, as Quichas...*). Se deixamos á marxe os alcumes colectivos e nos centramos nos individuais, chama a atención que a meirande parte dos alcumados son homes, un 66,2%, fronte o 33,8% que conforman os alcuños referidos a mulleres. Esta desproporción pode xustificarse, como sinala Dannemann polo feito de que:

la mujer del área geográfica-humana de esta investigación tiene muy pocas oportunidades para reunirse públicamente con autonomía de sexo, y cuando lo hace, [...] si es soltera, queda sujeta a la potestad de sus padres o a la de otros parientes, y, en ausencia de ellos, a las normas sociales que rigen tradicionalmente su condición, y si es casada, debe supeditarse a las iniciativas y criterios de su marido. (Dannemann 2017: 639)

Desta maneira, comprobamos como a sociedade patriarcal propia doutros tempos condiciona a creación de alcumes. O home é a figura dominante da familia, o que goza de maior liberdade, o que ten maior visibilidade, e, por tanto, o que mantén máis relacións sociais co seu contorno. Isto provoca que haxa unha maior necesidade de identificar o home do que a muller, xa que esta queda relegada ás tarefas da casa e do campo, con apenas vida social e relacionándose maiormente con membros da súa familia.

Con respecto ós alcumes colectivos, o que fan é identificar un conxunto de persoas que teñen algo en común. Dos 27 alcuños colectivos recadados, 13 aluden a grupos

femininos, 6 a masculinos, e 8 a mixtos, é dicir, grupos constituídos tanto por homes coma por mulleres. En xeral, os grupos femininos adoitan compartir características psíquicas ou físicas (*as Ferruxas, as Monas, as Negritas*), mentres que os masculinos teñen en común algún familiar ou comparten un mesmo nome (*os Felucos, os Toñitos, os Generosos*). No caso dos grupos mixtos, son familias que ou ben proceden dun mesmo punto xeográfico, ou comparten algunha característica psicolóxica, ou teñen en común o mesmo apelido (*os Ribeiros, os de Orense, os Pelotas*).

Se atendemos á antigüidade do alcume, observamos como o 78,6% dos alcumados recibiron o seu alcuño dende moi novos, cando eran uns nenos ou adolescentes. Pola contra, o 21,4% restante obtivérono cando eran xa persoas adultas. Como trazo característico dos alcumes, cómpre dicir que moitos deles sobreviviron ó paso do tempo, pasando dunha xeración á outra, independentemente de se os descendentes do alcumado compartisen con el a motivación do seu alcuño ou non. É máis, en moitas ocasións o alcume vén de tan atrás que os propios portadores descoñecen a súa orixe (*o Borrallo, o Cereixo, o Chabolo*). Non obstante, durante a nosa investigación, á hora de conversar cos veciños, comprobamos como algúns deles, a pesar de coñeceren a causa que motivaba moitos sobrenomes da zona, amosáronse pouco partidarios de manifestar abertamente ese tipo de información, xa fose por pudor, por prudencia ou por discreción. E é que moitos dos alcumes recollidos constitúen caricaturas lingüísticas que nalgúns casos non gustan e, polo tanto, non son ben aceptados polos seus portadores (*a Paxarota, o Mariquiña, San Cagán*). Isto, ó mesmo tempo, dámos unha pista de como son as relacións sociais entre veciños e de como son vistos e considerados entre eles.

Unha vez feitas estas observacións, analizaremos a seguir as características fonéticas, morfolóxicas e semánticas que definen os alcumes recollidos. Neste punto, hai que destacar que algúns deses trazos son debidos ás características dialectais da fala da parroquia e da zona, que, seguindo a Fernández Rei (1990: 152-154), está enclavada na que el chama *área pontevedresa* (C), dentro dela na *macrosubárea Verdugo - Miño* (C-2), e dentro desta na *microsubárea Morrazo - Fragoso* (C-2b). Algunhas das súas características serían os plurais en *-ns* (v.g. *os Molidáns*), a presenza de *gheada* (v.g. *José o Jalo*), o *seseo* explosivo (v.g. *o Espabílate ansuelo*) e implosivo (v.g. *lus*); metafonías nominais e outras alteracións do timbre (v.g. *èla, hòra, tempo*), o ditongo *-ui-~-oi-* (v.g. *muíto~moito*) en alternancia con *-ou-* (v.g. *coiro~couro*), a terminación *-án* (v.g. *o Jartán*), o pronome suxeito *ti*, a vogal temática *e* na 2ª persoa do pretérito dos verbos da 2ª conxugación (v.g. *colleches*), o sufixo número-persoa na 5ª persoa maioritario en *-des* (v.g. *cantades*) e o deíctico *isto* hipercaracterizado.

5.1. Características fonéticas

Os alcumes son recursos lingüísticos de orixe popular propios dunha linguaxe informal. O seu principal vehículo de transmisión é a fala, polo que resulta natural que estean suxeitos ós fenómenos fonéticos atribuíbles á área dialectal á que están circunscritos. Por conseguinte, tendo en conta que a parroquia de Darbo se encontra na península do Morrazo, se analizamos os alcumes recompilados dende un punto de vista fonético, obsérvase como algúns deles presentan trazos que son característicos da zona dialectal á que pertencen. Deses trazos deixamos constancia na transcripción fonética estreita que se fixo de cada alcume recollido.

En primeiro lugar, identificamos nos nosos alcumes a presenza do fenómeno da *gheada*, pois en vez de aparecer a oclusiva ou aproximante velar sonora ([g] ou [u]) respectivamente) do galego común, os veciños de Darbo posúen unha fricativa velar xorda ([x]), a pronuncia máis habitual das falas próximas á costa. Algúns exemplos deste fenómeno dialectal atopámoslos en alcumes como *Paulino o Bocane[x]ra*, *José o ne[x]ro*, *Manuel o [x]alo*, *o [x]afón* e *o Portu[x]és*. No caso dos alcumes que conteñen no seu interior o grupo *-ng-*, neles consérvase a oclusiva velar sonora, de maneira que non presentan *gheada* (*o Mangarrachada* e *o Menga*).

Outra característica dialectal da zona do Morrazo e que atopamos nos alcumes do corpus é a presenza de *seseo* explosivo realizado a través sobre todo dunha pronuncia predorsal (*o Cabe[s]iña*, *o Fran[s]ia*, *Maruja pelos de Tar[s]án*, *Carme a Fran[s]esa...*). Ora ben, hai que salientar que esta pronuncia predorsal é exclusiva das xeracións máis vellas, xa que a xente nova tende a articular o /s/ como unha sibilante apical [ʃ] (e mesmo nalgúns casos xa aparece a interdental [θ]).

En relación coas sibilantes, está tamén outro trazo que se reflicte na fonética dos nosos alcumes, como é a despalatalización do fonema fricativo prepalatal (ou alveopalatal) xordo /j/, como se pode oír en alcuños como *a Bru[s]a*, *Maruja cara de cai[s]ón*, *o Co[s]o*, entre outros. Na maioría dos casos, o son resultante alterna entre un fricativo despalatalizado xordo [ɟ] e a despalatalización total, isto é, un s apical [ʃ]; aínda que non é estraño escoitar un [s] predorsal a algúns dos veciños máis vellos da parroquia. Por comodidade e operatividade, na nosa transcripción fixemos uso do símbolo [ʃ] en todos os casos.

Chama tamén a atención o alcuño *o Dente*, pois presenta a vogal tónica fechada [e], outro trazo dialectal da zona e tamén do galego occidental, pechazón que historicamente se debe á influencia da nasal trabante sobre a vogal tónica aberta etimolóxica.

Por outra banda, aínda que non constitúen fenómenos dialectais como tales, senón que teñen que ver coa pronuncia tradicional ou popular do galego, destacan algunhas vacilacións vocálicas, por veces como consecuencia dunha pronuncia rápida e descoidada. Coma tal, no alcuño *o Caimán*, pronunciado como [ɔ keɪ'mãŋ] reflíctese o fenómeno de palatalización do /a/ átono debido á influencia da semivogal palatal /i/ do ditongo. Pola súa parte, en *as Filisiñas*, creado a partir do nome propio *Felisa*, e tamén en *o Pirico*, pode oírse unha harmonización vocálica da vogal pretónica /e/ por influencia do /i/ tónico, que o fai pechar ([e] > [ɛ] > [i]), algo semellante á asimilación entre vogais átonas que se produce en *o Pirriquite*. Tamén atopamos algún caso de apócope de -e final, coma no caso de *o Peixe*, que xunto á despalatalización do /ʃ/, dá como resultado unha pronuncia do tipo [o 'peɪs], moi identificativa da fala da nosa zona. Xa nos ditongos, é salientable a ditongación secundaria ou espontánea de /o/ no alcume *José o Ouvella* e a sinérese na terminación -ao do alcume *Serafín o Carabao*, pois os falantes da zona de Darbo tenden a pechar un grao a última vogal, de xeito que en vez de dicir *Carabao* pronuncian [ɔ kara'βau].

Finalmente, hai que ter en conta que ó transmitírense a través da oralidade, os alcumes son vítimas do desgaste constante na fala así como dos fenómenos fonéticos ós que están expostos. Desta maneira, no caso daqueles vocábulos descoñecidos e non rexistrados nos dicionarios, á hora de indagar sobre eles xorden certos problemas e confusións, pois ás veces dubidamos se estamos ante fenómenos de seseo ou non (*o Casán / Cazán*, *o Chirulisio / Chirulicio*), de despalatalización ou non (*o Rabiso / Rabixo*), de gheada ou non (*o Cachajo / Cachago*, *Rodolfo o Jalurcho / Galurcho*) ou non.

5.2 Características morfolóxicas

Os alcumes dan conta de como é a fala coloquial da comunidade á que pertencen. Nacen da creatividade popular sen estaren suxeitos a normas estritas, o que orixina fórmulas moi diferentes. Os seus creadores, aproveitando esa liberdade de creación, non dubidan en botar man de varios recursos lingüísticos para conseguir ese ton festivo, burlesco e irónico que caracteriza o alcume. A continuación, a partir da análise do noso corpus, observaremos como é a estrutura que presentan os alcumes e cales son os procedementos morfolóxicos implicados na súa formación.

En primeiro lugar, observamos como moitas veces o nome propio do individuo forma parte do seu alcume (*Alejo o Canena*, *Juanita a Loba*, *Tito o Capilú* etc.), constituíndo así unha unidade fixa, de xeito que, se se elide o nome propio, o alcuño perdería toda a súa función denominativa. Non obstante, son moito máis frecuentes

os apelativos que carecen do nome de pía (*o Cachulo, o Canijo, o Pilo* etc.). Os alcumes do noso corpus adoitan presentar as seguintes estruturas:

- **Nome propio + artigo determinado + alcume** (25,9%): *Manolo o Tourón, Josefa a Tetina, Carmen a Salpirona, Mucha a Rola...*
- **Artigo determinado + alcume** (65,4%): *o Quiche, o Chispa, as Churas, o Chilino, a Pavita...*
- **Nome propio** (que pode aparecer ou non) + **alcume** (3,7%): *Finucha correquechove, Arsenio San Roquiño, San Cagán...*

No caso dos alcuños que relacionan ó individuo coa motivación do seu alcume (lugar xeográfico, obxectos etc.) teñen a seguinte estrutura:

- **Nome propio** (pode aparecer ou non) + **artigo determinado + preposición de + alcume** (4,5%): *os do Piñón, José o do Sota, Maruja a da Cuadra...*
- **Nome propio + preposición de + alcume** (0,4%): *José de Noite.*

Como vemos, o emprego do artigo co alcume é semellante ó do nome propio: ou carece del ou está incorporado forzosamente e o seu uso, segundo Rebollo Torío (1993: 348-349), confírelle ó alcuño un maior grao de vulgarismo ou popularismo. Ademais, serve para indicar, xunto cos morfemas flexivos, o número e o xénero, que neste caso coincide co sexo, xa que o referente son persoas. Ó ser o alcume un nome, o artigo debe concordar sempre con el e co nome propio da persoa (no caso de que apareza). Con todo, cómpre puntualizarmos o seguinte: no caso dos sobrenomes que relacionan o alcumado coa motivación do seu alcuño, o artigo concorda unicamente co seu referente, por exemplo *José o das burras, José o das nenas, os da Regueira* (cuxo referente implícito é un grupo formado por homes e mulleres).

Por outro lado, tal e como mencionamos anteriormente, a oposición de xénero tamén se pode expresar mediante morfemas flexivos, desta maneira atopamos alcumes coas seguintes terminacións:

- **Masculinos en -o / femininos en -a**: *o Cacholo / a Cachola, o Burro / a Burra, o Churrero / a Churrera, o Pirraco / a Pirraca...*
- **Masculinos en -ís / femininos en -isa**: *o Canfís / a Canfisa.*
- **Masculinos en -án / femininos en -ana**: *o Cazán / a Cazana.*
- **Masculinos en -e / femininos en -a**: *o Chinchirrie / a Chinchirria.*
- **Masculinos en -ón / femininos en -ona**: *o Picón / a Picona, o Rañón / a Rañona.*

Son relevantes tamén aqueles alcumes que deforman a palabra orixinal que toman como base, adaptándoa ó xénero da persoa á que alude. Algúns exemplos disto son os alcumes *a Carrapicha*, *a Carroucha*, *a Chichona* e *o Madaleno*. Nestes casos, os nomes comúns que constitúen o alcuño non se rexistran nos dicionarios co xénero que presentan en Darbo, pero si co xénero contrario (*carrapicho* en vez de **carrapicha*, *carroucho* no canto de **carroucha*, *chichón* por **chichona* e *madalena* en vez de **madaleno*). Á súa vez, atopamos un caso en que o alcume, a pesar de ter xénero masculino, en realidade fai referencia á unha muller (*o Castrón*).

Sobre á expresión de número, pode manifestarse a través do artigo determinado e de morfemas flexivos. A flexión é a normal no galego, de xeito que as palabras rematadas en vogal forman o plural engadindo -s (*as Chafinas*, *os Marrixos*) e cando acaban en consoante engaden -es (*os Cordobeses*, *os Portugueses*). No caso dos alcumes rematados en consoante -n, os veciños de Darbo engaden -s para formar o plural (*os Molidáns*, *os Rañóns*), formación típica da súa área dialectal (e tamén do galego estándar).

Canto ás categorías gramaticais dos alcumes pode verse a Táboa 2 seguinte:

Unidade lingüística	Subtipo	%	Exemplo
Substantivos		38,3%	<i>o Pajarillo, o Bambú, o Chispa...</i>
Antropónimos	Nomes propios	4,1%	<i>os Felipes, as Filisiñas...</i>
	Apelidos	2,0%	<i>o Culío, os Mariños...</i>
	Hipocorísticos	0,8%	<i>Manuel o Nelo...</i>
	Haxiónimos	0,8%	<i>San Cagán, Arsenio San Roquiño...</i>
Topónimos		4,5%	<i>os Torrosos, os de Vigo, os de Orense...</i>
Adxectivos		17,7%	<i>Cecilio o Ancho, o Fiero...</i>
Frases	Fr. Substantivas	2,1%	<i>a Señorita puerca, Pepe Papá del Cielo...</i>
	Fr. Prepositivas	3,7%	<i>o do Mariñán, os do Piñón...</i>
	Coordinadas	0,4%	<i>o Pan e porco</i>
	Loc. adverbial	0,4%	<i>Agustín o Chou</i>
Oracións		1,6%	<i>José o Faime-rir</i>
Outros		23,5%	<i>o Languiño, a Saulera...</i>

Táboa 3: Formas e categorías gramaticais dos alcumes.

En primeiro lugar, na Táboa 3, destacan por número os substantivos, xeralmente relacionados co mundo animal (*o Pajarillo, María a Perrita, Manuel o Burro*) e vexetal (*o Bambú, a Carriza, o Cereixo*), aínda que tamén atopamos substantivos vinculados ás profesións (*o Zapateiro, o Enterrador, o Canastreiro*) e a características psicolóxicas (*o Chispa*). A continuación, como substantivos tamén que son, destacan os alcuños formados a partir de antropónimos. Dentro deste grupo podemos distinguir entre os alcumes constituídos por antropónimos baseados nun nome propio (*os Felipes, as Filisiñas, o María Flores*), nun apelido (*o Culío, os Mariños, o Vilas*), en hipocorísticos (*Manuel o Nelo*) e en haxiónimos (*San Cagán, Arsenio San Roquiño*). Tamén destaca o uso de topónimos, sempre acompañados de artigo determinado e ás veces da preposición *de* (*os Torrosos, os de Vigo, os de Orense*).

Seguen os alcumes procedentes dun adxectivo, que ou ben dan conta dalgunha característica física (*Cecilio o Ancho, Regina a Coxa, Salustiano o Doble*) ou describen algunha calidade psicolóxica (*o Fiero, o Caguelo, o Serio*).

En quinto lugar, non debemos obviar os sobrenomes formados a partir dun sintagma, que ou ben é unha frase substantiva composta por un núcleo (subst.) e o seu modificador, que pode ser tanto un adxectivo como unha frase preposicional (*a Señorita puerca, Maruja cara de caixón, o Merda para as mulleres, Maruja pelos de Tarzán, Pepe Papá del cielo*); ou ben unha frase preposicional, na que identificamos unha preposición que introduce un substantivo (*o do Mariñán, os do Piñón, José o do Sota*). Así mesmo, dentro do grupo das frases, sobresaí o alcume *o Pan e porco*, constituído por unha estrutura coordinada de dous substantivos; e *Agustín ó Chou*, cuxo sobrenome é unha locución adverbial. Por último, aínda que son menos habituais, atopamos alcuños formados a partir de oracións (denominados *delocutivos*), como *Finucha corre-que-chove, o Espábilate anzuelo* ou *José o Faime-rir*. No apartado de “Outros” clasificamos nomes de alcumes que non teñen entrada nos dicionarios, pero pola súa morfoloxía deducimos que son maioritariamente substantivos e adxectivos

Con respecto ós procesos gramaticais que interveñen na súa formación, os máis frecuentes son os seguintes:

- A **conversión**: ben por medio da substantivación de adxectivos (*José o Alto, o Caguelo, o Serio*), ben resultado da transformación en comúns de nomes propios (*os Toñitos*) e apelidos (*o Vilas, os Ribeiros, os Mariños*) a través do artigo e da flexión do plural.
- A **derivación**: por medio da adición unicamente de sufixos, tanto galegos coma tomados do castelán. En xeral, estes afixos engaden á palabra base unha significación de tamaño, magnitude ou aprecio, sen alterar a categoría

gramatical da palabra á que se unen. Os máis produtivos son os sufixos diminutivos como *-iño/a* (*o Languiño, o Cabeciña, as Filisiñas, Arsenio San Roquiño*), *-elo* (*o Caguelo*), *-ete* (*o Tolete*), o castelanista *-illo* (*José o Cafrillo, o Pajarillo*), e *-ina* (*Josefa a Tetina*). Tamén é frecuente o sufixo de orixe castelá *-ito/a*, que nalgúns casos se comporta coma un diminutivo (*os Toñitos, Maximina a Gordita, as Negritas*), mentres que noutros parece achegar certo valor despectivo (*a Pavita, María a Perrita, Carmucha a Pechita*). Así mesmo, encontramos sufixos que aínda que posúen valores diminutivos, nalgúns alcuños presentan quizais algún matiz pexorativo ou festivo, como por exemplo o sufixo *-ote/a* (*o Machote, a Paxarota*) e *-olo/a* (*o Cacholo, a Parrola*). Tamén son numerosos os sufixos *-ón/ona*, que nalgúns alcumes ten valor despectivo (*Manolo o Tourón, o Gafón, o Castrón*) e noutros aumentativo (*os Saltóns*); e *-eiro/a*, que pode coexistir coa forma castelá *-ero/a* (*o Relojero, o Churrero*): pode engadir significado de profesión (*o Zapateiro, o Carrasqueiro*) ou de cualidade (*o Papeiro*). Por último, aínda que son menos frecuentes, identificamos os sufixos *-osa* ‘abundancia’ (*Josefina a Baballosa*), *-dor* ‘axente’ (*o Enterrador*), *-ado* ‘resultado, calidade’ (*Suso o Queimado*), *-ana* ‘xentilicio’ (*Manuela a Asturiana*), *-án* ‘xentilicio’ (*Paco o Belusán*), *-és* ‘xentilicio’ (*o Portugués, o Cordobés*), e os sufixos con valor diminutivo e/ou despectivo *-uco* (*os Felucos*), *-ucha* (*a Nelucha*) e *-aca* (*Josefa a Perraca*). Cabe subliñar que os sufixos poden engadirse tanto a unha palabra simple coma a un hipocorístico.

- A **composición**: xeralmente a partir da unión de dúas ou tres palabras, que poden ser simples ou derivadas. O resultado final é unha unidade sintáctica e léxica con significado unitario e fixo. De entre todos os alcumes formados a partir deste procedemento, sobresaen aqueles que son *compostos patrimoniais xustapostos* constituídos por dous elementos, que poden ser: substantivo + adxectivo (*o Bocanegra, o Caraancha, o Ferrovello*); substantivo + verbo (*a Conacheira*) ou á inversa, verbo + substantivo (*Plácido Faiforzas, o Botavento*); cuantificador + substantivo (*o Milhomes, o Cuartoquilo*); ou un verbo + adverbio (*Marchabien*). Tamén é habitual atopar *compostos patrimoniais sintagmáticos*, tanto *asindéticos*, constituídos por dúas palabras (*o Paxaro mono, a señorita puerca*), como *sindéticos*, formados por tres elementos ([*Maruja*] *pelos de Tarzán*, [*Pepe*] *papá del cielo*, [*Maruja*] *cara de caixón*). No caso dos compostos patrimoniais sintagmáticos asindéticos, o normal é que os elementos asociados sexan ou ben dous substantivos, ou un substantivo e un adxectivo; mentres que os sindéticos están compostos por un substantivo e o seu modificador, que adoita ser unha frase preposicional.

Outros procedementos morfolóxicos menos rendibles, pero que tamén aparecen no noso corpus son as interxeccións substantivadas, aparentemente sen significado (*os Eilos*) e o uso de onomatopeas, como en *José o Cucú*.

No Gráfico 1 mostramos a porcentaxe de cada proceso implicado:




Gráfico 1: Procesos morfolóxicos utilizados na creación de alcumes (en %).

5.3 Características léxicas e semánticas

Como xa sinalamos no apartado anterior, os alcumes nacen en contextos informais e coloquiais e son o resultado da creatividade e espontaneidade da xente, que non se sente suxeita a regras lingüísticas á hora de facer as súas creacións. Por outra parte, nas sociedades rurais, que é na que se centra este traballo, os creadores destes apelativos adoitan ser veciños residentes da parroquia de toda a vida, dedicados a actividades tradicionais, como poden ser os traballos do campo, do mar ou da casa. Ademais, apenas teñen estudos e resultan facilmente vulnerables á adaptación de formas castelás que a cotío poden oír na radio ou televisión. Como consecuencia disto, resulta lóxico e natural atopar alcumes cuxa morfoloxía sería considerada «incorrecta» dende un punto de vista normativo, así como, interferencias lingüísticas, castelanismos, que ademais de supoñer unha seria ameaza para a integridade da lingua galega en xeral, conseguen formar parte dun rico patrimonio lingüístico que non lles corresponde.

De entre todos os alcumes compilados na parroquia de Darbo, arredor do 16% poderían ser considerados castelanismos. Todos eles, salvo un caso, son castelanismos plenos, xa que a forma foránea suplanta totalmente a galega (*o Canijo, o Relojero, o Churrero, o Fiero, os Generosos, Josefa a Jirafa...*). Só localizamos un castelanismo adaptado á fonética galega, *o Conexo*, neste caso, «o fonema castelán [x] grafía (j) ou (g) +e, i adáptase como o fonema galego /š/ grafía (x)» (Graña 1993: 94).

Por outro lado, ademais dos castelanismos, destacan tamén formas híbridas, é dicir, alcuños compostos por un elemento galego e outro doutra lingua. No noso corpus, todos os híbridos localizados están formados por un elemento galego, que adoita ser a palabra base, e un elemento castelán, concretamente un sufixo (*Maximina a Gordita, o Machote, a Paxarota...*). Só atopamos un alcuño híbrido composto por un verbo galego máis un adverbio castelán (*Maruja Marchabien*).

Centrándonos xa no ámbito semántico, no Gráfico 2 móstrase a porcentaxe de alcumes que abrangue cada un dos campos semánticos establecidos na nosa base de datos (véxase o apartado 4.5).




Gráfico 2: Porcentaxe dos campos semánticos en que se clasifican os alcumes recollidos.

Como se pode ver no gráfico, o campo semántico no que existe unha maior riqueza léxica é o que fai referencia ás calidades psicolóxicas, xa sexan actitudes (*as Chenchas, o Gafón*), formas de ser (*o Chispa, Agustín o Chou, Lisita a Coca*), como comportamentos ou condutas (*a Carrapicha, Pepe o Demo*).

En segunda posición encóntranse os alcumes creados a partir de nomes de animais (*a Burra, o Canario, o Carroucho, o Choco, o Castrón...*). Este tipo de alcuños o que fan é establecer un paralelismo metafórico entre un animal concreto e a persoa alcumada, ben porque ambos presentan comportamentos semellantes ou porque comparten xestos ou trazos físicos. Así mesmo, con respecto ás outras categorías semánticas, é neste grupo onde resulta moi doado apreciar a ironía e a metáfora.

Séguenlles os alcuños que describen algunha característica ou deficiencia física (*o Cuartoquilo, Marujiña Pernastortas*). A ironía volve ser un recurso moi empregado e con moito éxito na creación deste tipo de apelativos, pois por exemplo o alcume *Pepe o Cabelo*, non sabemos se alude á unha persoa con moito pelo ou todo o contrario, a un individuo calvo, xa que ignoramos por completo a súa motivación.

Destacan tamén os alcumes creados a partir dun antropónimo. Na nosa base de datos son máis numerosos os alcuños constituídos por antropónimos baseados nun nome propio ca nun apelido.

Por outro lado, aínda que son menos frecuentes, atopamos alcumes que relacionan ó portador coa súa profesión (*Pepe o Carrasqueiro, o Churrero*), con algunha habilidade (*Julián o Bruxo*), coa súa forma de falar (*o Papeiro, a Ramoná*), co mundo vexetal (*o Gamallo, a Garnacha*), con algún costume (*a de Mi alma, o Relojparado*) ou anécdota (*a Cojona*). Tamén son habituais os alcumes de tipo escatolóxico (*Pablito o Cagón, a Conacheira*), caracterizados por provocar un divertimento fácil entre os seus coñecedores.

Á súa vez, contamos cunha serie de alcumes que se agrupan conformando un novo grupo semántico de carácter heteroxéneo, ó que denominamos «Outros». Neste caso, os alcuños están constituídos por nomes comúns non rexistrados en ningún dos dicionarios consultados e dos que se ignora a súa orixe e motivación, o que dificulta o noso labor de investigación. Algúns exemplos deste grupo son *o Cachago, o Cachulo, Alejo o Canena, o Canfís, a Canisa, o Canitró, Tito o Capilú, o Cazán, a Chafina, a Chechina, o Chilino, José o Chimé, o Chinchirrie, a Chirrí, o Chirulicio, Pepucha a Chupitina, a Coroalda, a Corota, a Felderechera, Jesusa a Funicha, o Jamagatos, o Jartán, o Languiño, Gilito o Manicotes, o Marrixo, as Meiranas, o Menga, o P de potes, a Pechencha, a Pelana, a Pintarrosa, as Quichas, José o Quirro, as Safanuchas, Carmen a Salpirona, a Saulera...* Neste grupo tamén identificamos outra clase de alcumes como *a Muñeca, Josefa a Millonaria, e os Bosteiros*, entre outros. Estes alcuños fórmanse a

partir de nomes comúns rexistrados nos dicionarios, pero á hora de clasificalos semanticamente presentan problemas de adscrición a un grupo semántico determinado, pois poden pertencer á máis dun (o que volve demostrar a dificultade de establecer unha clasificación semántica dos alcumes).

Por último, de todos os alcumes que conforman o noso corpus, o 70% refírense a voces que rexistramos nos dicionarios. Así e todo, aínda que moitas deles son fieis ó significado que presentan alí, a meirande parte delas destórcense, de xeito que entre a motivación do alcuño e o significado do nome común que o constitúe existe unha relación, pero mínima. Por exemplo, parece claro que *Josefina a Baballosa* recibe o seu alcuño por ‘babeear’ moito ó falar e que *a Bruxa* seguramente sexa unha ‘muller mala, que causa dano ou provoca conflitos de maneira intencionada’. Non obstante, *Paco o Faquillo* non se trata dun *faco* (‘cabalo ruín e pequeno’), senón dunha ‘persoa demasiado atravesada e medio delincuente’: os veciños establecen unha relación entre o alcumado e o seu alcume.

6. Conclusións

Os alcumes son formas expresivas tan antigas coma o propio ser humano. Teñen unha relación moi próxima ó nome propio, co que comparten unha mesma orixe e unha mesma función, a denominativa, aínda que o alcume destaca por ser moito máis preciso. Pode dicirse que o alcume posúe trazos propios do nome común e do propio, situándose nunha fronteira entre ambos os dous. A diferenza do nome propio, que perdeu totalmente o seu significado léxico, o alcume orixínase a partir dunha motivación e pode ter diversos creadores, aínda que polo xeral dan conta dalgún trazo característico da persoa á que se refiren dun xeito burlesco, irónico e festivo. Adoitan estar vencellados ó mundo rural, pero non é estraño tampouco escoitalos nas cidades e, actualmente, na xente nova velos nas redes sociais mediante os chamados *nicknames*.

Canto ás características fonéticas, morfolóxicas e semánticas dos alcumes, grazas á recolleita de 243 alcumes feita na nosa parroquia de Darbo, comprobamos que ó transmitírense oralmente están expostos ás características dialectais propias da zona, son froito da creatividade da xente e non se rexen por ningún tipo de normativa lingüística. Dende o punto de vista morfolóxico observamos como os alcuños máis frecuentes son os que presentan a forma de artigo determinado máis o alcume e que poden coaparecer co nome propio da persoa ou non. Así mesmo, vimos como os procesos máis produtivos á hora de formar os alcumes de Darbo son a conversión, a

derivación e a composición, e que as categorías gramaticais máis rendibles son os substantivos e os adxectivos. Finalmente, desde un punto de vista semántico, destacan por número os que fan referencia a calidades físicas e psicolóxicas e tamén a animais.

Referencias bibliográficas

- Álvarez, Rosario / Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Ariza Viguera, Manuel (1993): «¿Es propio el nombre propio?», en Esperanza R. Alcaide / M^a del Mar Ramos / Francisco J. Salguero, (eds.), *Estudios lingüísticos en torno a la palabra* Sevilla: Universidad de Sevilla, 33-40.
- Bouzas Rosende, Paula (2007): «Sobrenomes en documentos betanceiros dos séculos XII-XVI», en L. Méndez / G. Navaza (eds.), *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega «Frei Martín Sarmiento»*, vol. I. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica, 115-126.
- Cárdenas, Bruno (1994): «El apodo: una práctica de integración y funcionalidad social», *Documentos Lingüísticos y Literarios* 20, 36-41. Recuperado de <https://humanidades.uach.cl/documentos_linguisticos/document.php?id=384>. [Consulta do 23/03/2020]
- Carrasco Molina, José S. (2009): «Vivir en un pueblo: los apodos», *Revista electrónica de estudios filológicos* 17 [en liña]. [Ref. de xullo de 2009]. Disponible en: <<https://www.um.es/tonosdigital/znum17/secciones/tintero-3-pueblo-apodos.htm>>. [Consulta do 27/04/2020]
- Dannemann, Manuel (2017): «Uso elusivo y función satírica de los apodos», *Boletín de Filología* 31, 633-645. Recuperado de <<https://boletinfilologia.uchile.cl/index.php/BDF/article/view/46596/48596>>. [Consulta do 08/04/2020]
- Escourido Pernas, Ana B. (2007): «Sobrenomes na parroquia de Miñotos (Ouro, Lugo)», en L. Méndez / G. Navaza (eds.), *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega «Frei Martín Sarmiento»*, vol. I. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica, 149-158.
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais.
- García Aranda, María A. (2000): «El apodo en Villacañas (Toledo): historias de un pueblo», *Revista de Estudios de Lingüística* 14, 75-92. Recuperado de <<http://dx.doi.org/10.14198/ELUA2000.14.04>>. [Consulta do 29/03/2020]
- García Porral, Xoán C. (2018): «Antropoloxía do alcume: casuística nunha comunidade rural», en Ana. I. Boullón Agrelo (ed.), *Estudos de Onomástica Galega III. Os alcumes. Xornadas de estudo*. Pontevedra: Real Academia Galega, 9-32. Recuperado en

- <<https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/download/337/338/1103-1?inline=1>>. [Consulta do 24/03/2020]
- GDXL = Carballo Anllo, Xosé M. / Hermida Gulías, Carme / Iglesias Sierra, Primitiva / Ares Vázquez, Carme / Lema Xosé M^a / López Fernández, Rosa (2009): *Gran Dicionario Xerais da Lingua*, vol. I. Vigo: Xerais.
- Gómez Macker, Luis A. (1977): «El sobrenombre: implicaciones socioculturales», *Estudios Filológicos* 12, 97-110.
- González Martínez, Déborah (2007): «Os alcumes na antroponimia medieval en Santiago de Compostela (1232-1399)», en L. Méndez / G. Navaza (eds.), *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega «Frei Martín Sarmiento»*, vol. I. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica, 159-190.
- Graña Núñez, Xosé (1993): «Vacilacións, interferencias e outros “pecados” da lingua galega». Vigo: Ir Indo.
- Guerrero Rodríguez, Magdalena (2006): «El apodo en Tunja: un estudio morfo-semántico de esta realidad lingüística», *Cuadernos de Lingüística Hispánica* 8, 57-68. Recuperado de <<http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=322240663007>>. [Consulta do 25/03/2020]
- Iglesias Ovejero, Ángel (1980): «La función eponímica en la onomástica popular: los mote actuales en el Rebollar (Salamanca)», *Español Actual* 37-38, 7-22.
- Jespersen, Otto (1975): *La filosofía de la gramática*. Barcelona: Anagrama.
- López de los Mozos Jiménez, José R. (2018): «Los mote y apodos como exemplo de la realidad lingüística y social. El mote en la provincia de Guadalajara», *Boletín de Literatura Oral* 8, 177-192. Recuperado de <<https://doi.org/10.17561/blo.v8.10>>. [Consulta do 19/03/2020]
- López García, Ángel / Ricardo Morant (1991): *Gramática femenina*. Madrid: Cátedra.
- Moliner, María (1998): *Diccionario del uso del español*, vol. I. Madrid: Gredos.
- Morera Pérez, Marcial (1991): «Diminutivos, apodos, hipocorísticos, nombres de parentesco y nombres de edad en el sistema de tratamientos populares de Fuerteventura (Canarias)», *Tebeto: Anuario del Archivo Histórico Insular de Fuerteventura* 4, 195-220. Recuperado de <<https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2234105>>. [Consulta do 01/04/2020]
- Oro, César (1999): «Los apodos según algunos documentos gallegos medievales», en Dieter Kremer (ed.), *Actas do V Congreso Internacional de Estudos Galegos*, vol. 2. Tréveris: Asociación Internacional de Estudos Galegos, 755- 767.
- PDXL = Carballo Anllo, Xosé M. / Carme Hermida Gulías / Primitivo Iglesias Sierra / Carme Ares Vázquez / Xosé M^a Lema / Rosa López Fernández (1997): *Pequeno Dicionario Xerais da Lingua*. Vigo: Xerais.

- Piñeiro Castro, Josefa / Benigno Fernández Salgado (2016): «Nicknames: identidades infantís en Internet», en O. Días Fouces / P. García Soidán (eds.), *Redes y retos: Estudios sobre la comunicación en la era digital*. Barcelona: Octaedro, 159-176.
- Ramírez García, Raquel / Ramírez Martínez, Jesús (2005): «Los apodos: Identidad, memoria y creatividad literaria», en N. Rebetez / N. G. Ganduglia (coords.), *El descubrimiento pendiente de América Latina: diversidad de saberes en diálogo hacia un proyecto integrador*. España: Foro Latinoamericano «Memoria e Identidad », 89-98. Recuperado de <[https://www.file:///C:/Users/HP/Downloads/Dialnet-LosApodos-1335450%20\(1\).pdf](https://www.file:///C:/Users/HP/Downloads/Dialnet-LosApodos-1335450%20(1).pdf)>. [Consulta do 26/03/2020]
- Ramírez Martínez, Jesús (2004): «Aprovechamiento educativo y didáctico de los apodos del campo de Cartagena», *Revista Murciana de Antropología* 11, 261-274. Recuperado de <<https://revistas.um.es/rmu/article/view/72851>>. [Consulta do 23/03/2020]
- Ramírez Martínez, Jesús (2011): «El uso social de los apodos como discurso sintético en las sociedades rurales», *Sociedad y Discurso* 19, 49-71. Recuperado de <<https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3715543>>. [Consulta do 19/03/2020]
- Rebollo Torío, Miguel A. (1993): «El apodo y sus características», *Anuario de Estudios Filológicos* 16, 343-350. Recuperado de <<https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/58796.pdf>>. [Consulta do 19/03/2020]
- Ríos Santomé, Soledad (2005): «Algunhas consideracións sobre os alcumes en Moaña», *Pontenova. Revista de novos investigadores*, 47-52. Disponible en liña: <bibliomoana.blogspot.com/2016/03/algunhas-consideracions-sobre-os.html>. [Última consulta: 09/04/2020]
- Rodríguez Rodríguez, Anaí / Moo Pedrosa, Xosé Manuel (2007): «Aproximación ao estudo formal dos alcumes de Leirado (Salvaterra de Miño - Pontevedra) e Vilaverde (Santa María de Quins, Melón - Ourense)», en L. Méndez / G. Navaza (eds.), *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega «Frei Martín Sarmiento»*, vol. I. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica, 215- 226.
- Rodríguez Ruibal, Fátima (2007): «Os nomes de casa da Amil (Moraña)», en L. Méndez / G. Navaza (eds.), *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega «Frei Martín Sarmiento»*, vol. I. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica, 257-273.
- Soto Arias, M^a Rosario (2007): «Estudo dos alcumes de catro localidades Galegas», en L. Méndez / G. Navaza (eds.), *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega «Frei Martín Sarmiento»*, vol. I. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica, 313- 326.
- Soto Arias, Rosario (2018): «Alcumes e sobrenomes medievais en Galicia», en Ana. I. Boullón Agrelo (ed.), *Estudos de Onomástica Galega III. Os alcumes. Xornadas de estudo*. Pontevedra: Real Academia Galega, 9-32. Recuperado en <<https://http://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/download/337/338/1103-1?inline=1>>. [Consulta do 08/04/2020]

Vázquez López, Fernando (2007): «Os nomes de casa de Buriz», en L. Méndez / G. Navaza (eds.), *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega «Frei Martín Sarmiento»*, vol. I. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica, 337-350.

Zapico Barbeito, Pilar (2007): «Os alcumes nas encrobas », en L. Méndez / G. Navaza (eds.), *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega «Frei Martín Sarmiento»*, vol. I. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica, 363-374.

Recursos en liña

DdD = Santamarina, Antón (2006-2020): *Diccionario de diccionarios da lingua galega* [web]. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Dispoñible en: <<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>>.

DIGALEGO = *Diccionario de galego*. Xunta de Galicia. Dispoñible en: <<https://digalego.xunta.gal/gl>>.

DRAE = Real Academia Española (2001): *Diccionario de la lengua española* (22.^a ed.). Dispoñible en: <<http://www.rae.es/rae.html>>.

DRAG = González González, Manuel e Antón Santamarina Fernández (dirs.) (2006-): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. Dispoñible en: <<http://academia.gal/diccionario>>.

ESTRAVIZ = Alonso Estraviz, Isaac e Carlos Durão (dirs.) [s.d.]: *Dicionário Estraviz*. Portal Galego da Língua. Dispoñible en: <<http://www.estraviz.org/>>.

Priberam = *Dicionário Priberam da Língua Portuguesa* [em linha], 2008-2020. Dispoñible en: <http://www.priberam.pt/dlpo/chave>

TLPGP = Álvarez, Rosario (coord.) (2009-): *Tesouro léxico patrimonial galego e português* [web]. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Dispoñible en: <<http://ilg.usc.es/Tesouro>>.

Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega é unha publicación do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que recolle traballos académicos dos novos investigadores e investigadoras no ámbito da Filoloxía Galega.

Neste vol. 6 poden lerse traballos sobre a narrativa de Méndez Ferrín, sobre os alcumes, sobre a interpretación da paisaxe galega, sobre o léxico raiano galego-portugués e sobre alternancias en locucións preposicionais.

Universidade de Vigo